

COM
POS
TELA

MAÍS

Galego


GUÍA

PARA A CIDADANÍA



ORDENANZA
MUNICIPAL DE
GARANTÍA
BÁSICA CIDADÁ

mais.social.santiagodecompostela.gal



CONCELLO DE
SANTIAGO

**COM
POS
TELA** **MAIS**

**SOCIAL
SOLIDARIA
SUSTENTABLE**



A Declaración universal de dereitos humanos di, no seu artigo 25, que:

“ toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios ” .

A Constitución española, que recoñece no seu artigo 10 que as normas relativas aos dereitos fundamentais e liberdades se interpretarán de acordo con dita Declaración, establece tamén no artigo 9.2 que:

“ corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social ” .

En desenvolvemento destes principios e obrigas, o Concello de Santiago de Compostela ten a potestade e a responsabilidade de establecer

e regular o conxunto de dereitos e recursos municipais específicos para a cidadanía de Santiago de Compostela que se atopa en **situación de vulnerabilidade, risco ou exclusión social**, ao abeiro da lexislación vixente.

E precisamente con este obxectivo, apróbase a Ordenanza de garantía básica cidadá do Concello de Santiago de Compostela, a través da cal se pretende dar **cobertura económica e social á falta temporal de ingresos**, en especial por ausencia dun emprego estable e digno ou esgotamento da prestación por situación de desemprego, mantendo un mínimo nivel de ingresos que permita cubrir as necesidades básicas da cidadanía.

-
- + Renda municipal de garantía básica cidadá.
 - + Prestacións de rescate social:
 - Para a cobertura de necesidades básicas.
 - Para habitabilidade e pobreza enerxética, e equipamento básico da vivenda.
 - Para complementar prestacións á dependencia e/ou discapacidade.
 - Para outros gastos excepcionais.
 - Para estudos postobrigatorios.
 - Para a saúde bucodental.

**RENDA
MUNICIPAL
DE
GARANTÍA
BÁSICA
CIDADÁ**



01 **Que é?**

Unha prestación económica, extraordinaria, temporal e vinculada a un itinerario de inclusión cidadá, prevista para persoas en situación de vulnerabilidade social, risco ou exclusión social.

02 **Quen pode solicitar a renda municipal?**

Toda persoa maior de idade ou emancipada en situación de vulnerabilidade, risco ou exclusión social que, ademais, non teña dereito a percibir a renda de inclusión social de Galicia (RISGA) nin unha pensión non contributiva (PNC) ou calquera outra prestación ou pensión de contía igual ou superior a estas pensións.

03 **É necesario o empadramento?**

Si, cunha antigüidade mínima de seis (6) meses, inmediatamente anteriores e continuados á data de

presentación da solicitude, agás as excepcións previstas na normativa autonómica de inclusión social vixente en cada momento.







04 **É necesario ter residencia legal?**

Non é un requisito. Os dereitos fundamentais das persoas á vida, á saúde ou á alimentación non se fan depender da súa situación administrativa no territorio español, debendo interpretarse de maneira ampla de acordo coas normas internacionais e españolas que garanten eses dereitos.

05 **Que límite de ingresos é o máximo para poder solicitala?**

Cando a unidade de convivencia está conformada por unha única persoa os ingresos máximos permitidos son os equivalentes ao 100% do IPREM vixente na data de formular a solicitude.

Este límite de ingresos máximos será incrementado nun 10% por cada persoa adicional que conforme a unidade de convivencia, ata unha contía máxima do 150% do IPREM:

Nº PERSOAS	INGRESOS MÁXIMOS (% sobre IPREM)	INGRESOS MÁXIMOS (€/MES - 2016)
1 	100%	532,51 €
2 	110%	585,76 €
3 	120%	639,01 €
4 	130%	692,26 €
5 	140%	745,51 €
6/+ 	150%	798,77 €

06 Que contía ten a renda municipal?

O Concello proverá do importe equivalente ao 100% do IPREM por cada unidade de convivencia, incrementándoo un 10% por cada integrante adicional ata o máximo do 150% do IPREM; é dicir, reproducécese o cadro de contías do punto anterior.

07 **Podo recibir a
renda se teño
algúns
ingresos?**

Si, sempre que non cheguen aos límites do IPREM. Nese caso, á cantidade que se percibiría en concepto de renda descontaríanseles eses pequenos ingresos.

08 **É compatible
con outras
prestacións ou
pensións?**

Non pode compatibilizarse coa RISGA, tampouco con PNC nin con ingresos superiores a estas, nin coas prestacións de rescate social para a cobertura de necesidades básicas.

Debe terse en conta que a renda municipal é subsidiaria da RISGA, ou prestación autonómica que a substitúa, das PNC e de calquera outra pensión ou prestación de contía igual ou superior á das devanditas pensións. É dicir, só se poderá solicitar a renda municipal se non se ten acceso ás ditas prestacións.

CADRO DE COMPATIBILIDADES ENTRE A RENDA DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ E OUTROS INGRESOS OU PRESTACIÓNS	
RISGA	NON
PENSIÓN NON CONTRIBUTIVA (PNC)	NON
PRESTACIÓNS OU PENSIÓNS SUPERIORES Á RISGA OU PNC	NON
INGRESOS, PENSIÓNS E PRESTACIÓNS INFERIORES Á PNC	SI
INGRESOS, PENSIÓNS E PRESTACIÓNS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	SI
PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL PARA A COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS	NON
PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL (RESTO)	SI

09 **Que se entende por familia ou unidade de convivencia?**

Abrangue tanto as persoas que vivan soas como as persoas que vivan xuntas no mesmo domicilio e estean vinculadas por matrimonio, por adopción ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata un segundo grao (avós/as e bisabós/as, fillos/as e netos/as, e tíos/as).

10 **Que acontece se nunha mesma familia ou unidade de convivencia varias persoas piden a renda municipal?**

Como norma xeral só se recoñecerá unha renda por unidade de convivencia. No caso de concorrencia entre varias persoas da mesma familia ou unidade de convivencia resolverase en favor de quen dictaminen os servizos sociais, en función das circunstancias concretas da súa situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social.

En caso de igualdade preferirase á muller, sempre que non supoña perda de dereitos ou discriminación.

11 **Durante canto tempo se pode percibir?**

Un máximo de doce (12) meses, prorrogables outros doce (12) meses se continúan as circunstancias.

12 Hai algunha obriga por percibila?

Todas as persoas da unidade de convivencia deberán participar nun itinerario de inclusión cidadá deseñado polos equipos técnicos municipais e non practicar a mendicidade nin permitir ou forzar a súa práctica.

13 Que é un itinerario de inclusión cidadá?

Trátase dun conxunto de actuacións que, dende os servizos sociais e con base nunha diagnose social individualizada previa, se lle proporán á persoa solicitante da renda e á súa unidade de convivencia para favorecer o seu proceso de inclusión social.

14 Como se
xustifica a
percepción
da renda
municipal?

Por tratarse dunha prestación de garantía de dereitos básicos cidadáns, non será preciso xustificar con facturas, recibos nin ningún outro documento xustificativo os gastos realizados, abondando cun informe de seguimento dos servizos sociais municipais.

15 Canto tempo
tarda o
Concello en
responder?

O Concello dará resposta no prazo máximo de tres (3) meses, pero, mentres, poderá facilitar con carácter de emerxencia unha prestación de rescate social para atender as necesidades básicas.

16 Pode ser
retirada
despois de
ter sido
concedida?

O incumprimento dalgún requisito, como a non realización do itinerario de inclusión cidadá, trasladarse a vivir a outro concello, ou unha mellora dos ingresos de

maneira que sobrepasen os límites de acceso establecidos na ordenanza serán motivo de retirada da renda.

17 **Pódense recibir as prestacións de rescate social xunto coa renda municipal?**

Si, agás as prestacións de rescate social para a cobertura de necesidades básicas, porque se entende que cobren esencialmente as mesmas necesidades. En todo caso, deberán respectarse os límites e requisitos de acceso de cada prestación de rescate social en concreto.

PRESTA CIONES DE RESCATE SOCIAL



01 Que son?

Un conxunto de prestacións económicas de carácter extraordinario e puntual destinadas a atender situacións de urxencia que afecten a persoas ou unidades de convivencia que non poidan facer fronte a súa cobertura:



Prestacións para a cobertura de necesidades básicas:

alimentación diaria, vestido, aloxamento e habitación, coidados básicos e necesidades básicas de carácter xeral indispensables para a vida diaria.



Prestacións para a habitabilidade e pobreza enerxética, e equipamento básico de vivenda:

cobertura de débedas por subministración de luz ou gas, gastos asociados a altas de contratos de subministracións

enerxéticas nunha nova vivenda; débedas coa comunidade de propietarios/ as por gastos ordinarios, gastos por endebedamento previo do aloxamento habitual e prestacións para mobiliario e electrodomésticos básicos (lavadora, frigorífico, cociña, termo de auga, estufa, caldeira ou outros).



Prestacións complementarias á dependencia e/ou

discapacidade: cobertura de gastos asociados ás axudas técnicas que precise unha persoa en situación de dependencia valorada pola administración competente. Excepcionalmente, e logo da prescripción médica e do informe social, poderán darse axudas para próteses oculares ou auditivas.



Prestacións para outros gastos excepcionais: cobertura de gastos asociados a outras situacións de difícil previsión e logo do informe social excepcional (por exemplo, gastos farmacolóxicos ou de adaptación da vivenda habitual).



Prestacións de fomento do dereito á educación para estudos postobrigatorios: cobertura gastos de matrículas, materiais, desprazamentos, manutención ou outros destinados a educación infantil, estudantes de formación profesional -nos ciclos de grao medio e superior-, bacharelato ou universidade dentro do sistema educativo público, e demais formación complementaria asociada a un itinerario de inclusión cidadá.



Prestacións para saúde bucodental: prestacións económicas para garantir o dereito á saúde bucodental non cubertas pola Seguridade Social.

02 **Quen pode beneficiarse destas prestacións?**

Toda persoa maior de idade ou emancipada en situación de vulnerabilidade social, risco ou exclusión social que estea empadroada no concello de Santiago de Compostela e que cumpra os requisitos específicos establecidos para cada prestación.

03 **É necesario o empadroamento?**

Si, cunha antigüidade mínima de tres (3) meses, inmediatamente anteriores e continuados á data de presentación da solicitude, agás as excepcións previstas na normativa autonómica de

inclusión social vixente en cada momento.

04 **É necesario ter residencia legal?**

Non é un requisito. Os dereitos fundamentais das persoas á vida, á saúde ou á alimentación non se fan depender da súa situación administrativa no territorio español, debendo interpretarse de maneira ampla de acordo coas normas internacionais e españolas que garanten eses dereitos.

05 **Cal é o límite de ingresos para poder solicitar estas prestacións?**

Os límites varían en función das prestacións e do número de integrantes da unidade de convivencia.

No caso das prestacións para a cobertura de necesidades básicas, ten os mesmos límites da renda de garantía básica cidadá:

Nº PERSOAS	INGRESOS MÁXIMOS (% sobre IPREM)	INGRESOS MÁXIMOS (€/MES - 2016)
1	100%	532,51 €
2	110%	585,76 €
3	120%	639,01 €
4	130%	692,26 €
5	140%	745,51 €
6/+	150%	798,77 €








**No caso das restantes
prestacións, terá os seguintes
límites:**

Nº PERSOAS	INGRESOS MÁXIMOS (% sobre IPREM)	INGRESOS MÁXIMOS (€/MES - 2016)
1	125%	665,64 €
2	140%	745,51 €
3	155%	825,39 €
4	170%	905,27 €
5	185%	985,14 €
6/+	200%	1.065,02 €

06 Que contía ten cada prestación e cal é a súa duración?



Prestacións para a cobertura de necesidades básicas

TIPO DE PRESTACIÓNS	 CONTÍA	 DURACIÓN
Aloxamento: - alugueiro de vivenda, - cota hipotecaria da vivenda - habitación en vivenda compartida ou similar	75% do gasto mensual do aloxamento 100% nos casos en que non se dispoña de ningún recurso ata un importe máximo do 100% do IPREM (535,51 € en 2016)	Máximo seis (6) veces nun período de doce (12) meses
Formalización de contrato dunha nova vivenda de alugueiro	100% do gasto ata un máximo do 75% do IPREM (399,38 € en 2016)	Unha (1) vez cada tres (3) anos
Resto de necesidades básicas (alimentación diaria, vestido e coidados básicos)	1  100% 532,51 €	Máximo seis (6) veces cada ano (1) natural
	2  110% 585,76 €	
	3  120% 639,01 €	
	4  130% 692,26 €	
	5  140% 745,51 €	
	6/+ 150% 798,77 €	



Prestacións para a habitabilidade e pobreza enerxética, e equipamento básico de vivenda

TIPO DE PRESTACIÓNS	CONTÍA	DURACIÓN	
Débedas por subministro de luz e/ou gas	100% do gasto ata un máximo do 100% do IPREM (532,51 € en 2016)	Unha (1) prestación polo mesmo concepto ao longo dun período de tres (3) anos	
Gastos asociados a altas de contratos de subministrados enerxéticos nunha nova vivenda	100% do gasto ata un máximo do 100% do IPREM (532,51 € en 2016)		
Débedas de comunidade de propietarios/as por gastos ordinarios	90% da débeda de comunidade por gastos ordinarios ata un máximo do 200% do IPREM (1.065,02 € en 2016)		
Gastos por endebedamento previo	90% da débeda ata un máximo do 200% do IPREM (1.065,02 € en 2016)		
Mobiliario e electrodomésticos básicos	Lavadora	300 €	Unha (1) ou varias prestacións co límite dun importe máximo de 600 € por cada concepto ao longo dun período de tres (3) anos
	Frigorífico	300 €	
	Cociña	250 €	
	Termo auga (80l.)	250 €	
	Termo auga (50l.)	150 €	
	Estufa eléctrica	75 €	
	Estufa de gas	125 €	
	Caldeira calefacción	600 €	
	Outros	600 €	



Prestacións complementarias á dependencia e/ou discapacidade



CONTÍA

90% do gasto ata un máximo
de **175% do IPREM**
(931,89 € en 2016)



DURACIÓN

Unha (1) prestación por este concepto
ao longo dun período de **tres (3) anos**



Prestacións para outros gastos excepcionais



CONTÍA

90% do gasto ata un máximo
de **200% do IPREM**
(1.065,02 € en 2016)




DURACIÓN

Unha (1) prestación por este concepto
cada **tres (3) anos**



Prestacións para a saúde bucodental

TIPO DE PRESTACIÓNS	 CONTÍA	OBSERVACIÓNS
Limpeza	60 €	Variarán os importes e a periodicidade en función dos datos médicos de cada persoa solicitante
Empastes / obturacións	60 €	
Endodoncias	175 €	
Prótese superior ou inferior móbil	500 €	
Prótese móbil completa	1.000 €	
Outros	500 €	



Prestacións de fomento do dereito á educación para estudos postobrigatorios

TIPO DE PRESTACIÓNS	CONTÍA	DURACIÓN
Escolarización non obrigatoria de 0-6 anos	400 €	Unha (1) prestación por ano (1)
Estudos non universitarios	200 €	
Estudos universitarios ou de posgrao (primeira matrícula en cada materia)	Total do custo, ata un máximo de 1.000 €	
Formación complementaria asociada a un itinerario de inclusión cidadá	200 €	
Complemento por transporte interurbano	200 €	
Complemento de manutención	200 €	

07 Podo recibir estas prestacións se teño ingresos?







Si, tense dereito ás prestacións mentres non se superen os respectivos límites de ingresos máximos previstos para cada unha delas.

08 Son compatibles con outras prestacións ou pensións?

Si, pero hai que ter en conta o tipo de prestacións ás que se fai referencia.

Debe terse en conta que as prestacións de rescate social para a cobertura de necesidades básicas son compatibles coa AIS sempre que esta non sexa para atender necesidades primarias

CADRO DE COMPATIBILIDADES ENTRE AS PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL E OUTRAS PRESTACIÓNS

TIPO DE PRESTACIÓNS						
RISGA	NON	SI	SI	SI	SI	SI
AXUDAS DE INSERCIÓN SOCIAL (AIS)	SI	NON	NON	NON	NON	NON
OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE	NON	NON	NON	NON	NON	NON
RENDA GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ	NON	SI	SI	SI	SI	SI
PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL (RESTO)	SI	SI	SI	SI	SI	SI

de alimentación, enxoval e vestido, ou vinculadas ao uso da vivenda para pago de aluguer, ou para evitar o desafiuzamento; é dicir, é compatible coa AIS se esta non ten a mesma finalidade.

09 **Que se entende por familia ou unidade de convivencia?**

Abrangue tanto as persoas que vivan soas como as persoas que vivan xuntas no mesmo domicilio e estean vinculadas por matrimonio, por adopción ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata un segundo grao (avós/as e bisabós/as, fillos/as e netos/as, e tíos/as).

10 **Que acontece se nunha mesma familia ou unidade de convivencia varias persoas piden unha mesma prestación?**

Depende do tipo de prestación. No caso das prestacións para a cobertura de necesidades básicas e das prestacións para a habitabilidade, pobreza enerxética e equipamento básico da vivenda, como norma xeral, só se recoñecerá unha mesma prestación por cada unidade de convivencia.

En caso de que haxa concorrencia entre varias persoas da mesma familia resolverase en favor de quen dictaminen os servizos sociais, en función das circunstancias concretas da súa situación de vulnerabilidade, risco ou exclusión social.

No caso das restantes prestacións, poderán recoñecerse a unha ou varias persoas dunha mesma unidade de convivencia, co

correspondente informe social e cumprindo o resto de requisitos, incluídos os límites económicos de toda a unidade de convivencia.

11 Hai algunha obriga por percibir as prestacións?

Os requisitos e límites específicos deberán ser comprobados. Cada prestación xustificarse por medio de facturas, recibos e outros comprobantes de gasto e seguindo as instrucións que se marquen dende os puntos de atención de Servizos Sociais.

12 Como se xustifican as prestacións de rescate social?

Será necesaria a xustificación específica nos termos previstos para cada prestación, podendo requerirse facturas, recibos ou comprobantes de gasto.

13 **Canto tempo tarda o Concello en responder?**

No caso das prestacións para a cobertura de necesidades básicas, unha vez achegada toda a documentación, os servizos sociais emitirán o seu informe proposta no prazo máximo de dez (10) días e pagarase inmediatamente despois da resolución. Para o resto de prestacións, o mesmo tempo previsto con carácter xeral na renda de garantía básica cidadá, un prazo máximo de tres (3) meses.

14 **Poden ser retiradas as prestacións logo de seren concedidas?**

O incumprimento dalgún requisito, en especial a falta de xustificación do gasto, será motivo da retirada das prestacións e pode esixirse a súa devolución.

DOCU MENTACIÓN E SOLI CITUDES



¿Cando se poden presentar as solicitudes?

As solicitudes tanto para a renda de garantía básica cidadá como para as prestacións de rescate social poderán realizarse en calquera momento do ano.

¿Que documentos se necesitan para presentar as solicitudes?

Tanto se a solicitude é para a renda municipal como para as prestacións de rescate social, hai que presentar documentación acreditativa:

- **Empadramento**
- **Identidade**
- **Unidade de convivencia**
- **Circunstancias económicas**
- **Escolarización dos/as menores en idade de escolarización obrigatoria**

Tamén calquera outra documentación acreditativa da situación de necesidade ou de urxencia.

Estes documentos, nos máis dos casos, poderán ser pedidos e tramitados directamente polo Concello se a persoa solicitante quere autorizalo.

└ Onde se consultan as dúbidas e se presenta a solicitude?


Nos puntos de atención de Servizos Sociais (PASS), solicitando previamente unha cita no teléfono **981 54 24 65** ou a través da web corporativa:


www.santiagodecompostela.gal


Tamén se pode consultar a ordenanza e toda a información relativa á mesma na web creada para este proxecto:

mais.social.santiagodecompostela.gal

 **PASS O Ensanche**
Rúa Frei Rosendo Salvado 14-16
15705 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 543 001 Ext. 33935

 **PASS Galeras**
Rúa Isaac Díaz Pardo 2-4
15705 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 542 465

 **PASS Fontiñas**
Rúa Berlín 13
15703 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 528 750 Ext. 28747

 **PASS CABES**
Casa das Asociacións de Benestar
Social
Rúa Manuel María 6
15705 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 542 471



Edita: Concello de Santiago

Texto: © Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde

Corrección lingüística: Departamento de Lingua Galega

Deseño e maquetación: ekinocio comunicación

Impresión: Grafisant

D.L.: C1778-2016


Impreso en papel reciclado

Santiago de Compostela, 2016

**COM
POS
TELA** **MÃIS**

SO CIAL

mais.social.santiagodecompostela.gal



**CONCELLO DE
SANTIAGO**